

12 de setembro de 2017

Máis de 1.500 participantes nas actividades de verán do Centro Xuvenil Abertal

A oferta estival de entidade viguesa segue a tendencia da exitosa convocatoria dos últimos anos.

O Centro Xuvenil Abertal, asociación socia fundadora da Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia, presentou a súa memoria de actividades do verán 2017. Co comezo do curso escolar a entidade salesiana fixo balance da participación e calidade das accións levadas a cabo ao longo da 'campaña de verán'. Actividades de conciliación familiar, campamentos de grupos formativos, campamentos urbanos... son algunhas das iniciativas desenvolvidas pensando na oferta dun tempo libre educativo.

X Mañás de verán

Co final do curso escolar daban comezo, na súa décima edición, as 'mañás de verán', actividade para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral. Con **522 participantes e 74 animadores e animadoras** distribuídos ao longo das cinco semanas que durou a oferta. Destinatarios desta oferta son nenos e nenas de 3 a 12 anos, que con posibilidade do servizo de madrugadores e friameira, participan en distintas actividades, obradoiros e excursións ao longo das semanas. A procedencia de quen participa nesta actividade é diversa: familias do veciño colexio salesiano, familias que traballan na contorna, familias que chegan polo 'boca-orella'... creando un ambiente de diversa participación que favorece a integración dos menores.

Curso de Monitor de tempo Libre

Nas últimas semanas de xuño e na primeira de xullo desenvolveuse en Abertal, en colaboración coa Escola de Tempo Libre Don Bosco (Santiago de Compostela) unha nova edición do Curso de Monitores de Tempo Libre. Fiel a súa orixe o Centro Xuvenil pretende facilitar a cualificación e garantir ofertas de tempo libre que o tornen verdadeiramente significativo, promovendo, tamén deste xeito máis directo, un acceso ao emprego xuvenil grazas a esta titulación.

Preto de vinte participantes nesta edición do curso de monitores de tempo libre, entre 18 e 38 anos e con diversa formación e procedencia previas, que ao longo das tres semanas de duración conviviron, formáronse e desenvolveron as súas habilidades e competencias nesta primeira fase teórica da oferta formativa. Moitos deles aproveitaron algunha das iniciativas do mesmo Centro Xuvenil para realizar a fase práctica do curso que complementa aquela primeira e que é imprescindible para a obtención do título, expedido pola Xunta de Galicia.



Campamentos dos grupos formativos

Desde o 7 e ata o 28 de xullo, en quendas sucesivas, tamén se desenvolveron, coordinadamente con outros Centros Xuvenís da Federación Don Bosco de Galicia, Asturias e de Castilla-León campamentos para os nenos e nenas que semanalmente participan nos grupos formativos de Abertal. Así, procedentes deste Centro Xuvenil, no campamento Saltimbanquis [6-8 anos], desenvolvido en Castrelo (Cambados) participaron 11 destinatarios e 3 educadores; en Andaina (Foz) 44 rapaces [9-11 anos] e 3 animadores; en ADS [12-14 anos] en Castrelo (Cambados) 55 rapaces e 4 animadores; en Iniciación [14-16 anos] tamén en Castrelo 47 rapaces e 7 animadores; en catecumenado [16-18 anos] en Allariz (Ourense) 20 rapaces e tres animadores e no campamento de maiores de 20 anos, participaron tres persoas procedentes do centro.

En total, preto de duascentas persoas procedentes de Abertal participaron nestes campamentos de ámbito autonómico.

O XXIX Campamento Urbano e o III Urbano Xuvenil

A actividade de maior tradición do verán de Abertal é o Campamento Urbano que este ano acadou a súa XXIX edición. Nos últimos anos vense realizando en estreita colaboración co Concello de Vigo e desenvólvese con sede no pavillón das Travesas.

Fiel á súa filosofía dun campamento aberto, libre e gratuíto este ano tivo máis de **cincocentos participantes** (de entre 8 e 14 anos) e **máis de setenta animadoras e animadores** (entre 17 e 40 anos). Un campamento que permite re-descubrir e valorar a cidade como espazo ordinario de xogo e de encontro e no que medrar con amigos de xeito natural namentres facemos xogos, obradoiros, deporte, visitas,...

Celebrábanse este ano os XXX anos dos Campamentos Urbanos en Galicia e o decano dos Campamentos Urbanos –o da Asociación Xuvenil Amencer- convocou unha xuntanza na cidade das Burgas na que participaron preto de 2.000 persoas procedentes dos Campamentos Urbanos que os centros da Federación Don Bosco de Galicia organizan. Unha marcha que atravesou a cidade desde a Praza Maior ata as piscinas de Oira facilitou que toda a bisbarra se sumara ao agradecemento por trinta anos de vida de tan singular iniciativa.

Esta conmemoración, a dos trinta anos de existencia do Campamento Urbano, terá lugar na cidade olívica no ano 2018.

Por outra banda, e en horario de tarde e noite, desenvolveuse a terceira edición do Urbano Xuvenil. Un campamento coa mesma filosofía desenvolvido por e para mozos maiores de 16 anos. A oferta, que vai gañando participantes –ata preto de setenta se xuntaron nalgunha das actividades-, prézase de ser a única deste tipo e con este formato: aberto, libre e gratuíto e coa cidade como recurso primeiro.

Verán de lecer

Tamén este ano tivo lugar nos meses de xullo e agosto nas instalacións de San Francisco unha nova edición do campamento con discapacidade coordinado desde Abertal. Participaron 75 persoas acompañadas de 27 educadores. As actividades realizadas teñen en conta a diversidade funcional das persoas participantes e supoñen unha experiencia profundamente saudable no conxunto das actividades estivais que desenvolven.



Alianzas deportivas

Namentres se elaboraba esta nota de prensa estaban a desenvolverse nas instalacións do Colexio Salesiano María Auxiliadora e en colaboración co Clube Deportivo Salesianos, en ámbalas dúas seccións (fútbol e baloncesto) a IV edición das Mañás de Setembro na que participa máis de medio cento de nenos e nenas entre 3 e 12 anos.

Balance institucional

A asociación fai unha balance positivo das actividades desenvolvidas, tanto polo número de participantes nas mesmas, canto por descubrir nesta oferta a súa faciana máis verdadeira no que a tempo libre educativo se refire. A Xunta directiva constata, igualmente, que segue a ser unha oferta necesaria, máxime cando hai moitas familias que a precisan, tanto as actividades gratuítas coma aquelas outras que non o son, xestionando un número de becas correspondente ao montante económico de máis de 3.000€. Do mesmo xeito, agradece a confianza brindada polas familias e as institucións para poder seguir a desenvolver estas e outras iniciativas con e para a mocidade.

Para máis información :

Asociación Xuvenil Abertal

Teléfono: 986 225 662 / 606 644 246

